

PROTOCOLO DE ACCESO E REALIZACIÓN DE EXAMES NO PAVILLÓN

1. INDICACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DO EXAME:

- **Realizar chamamento escalonado** do estudantado para evitar aglomeracións.
- **Evitar pasar lista** na entrada do pavillón para minimizar o tempo que se permanece nos accesos. Se é necesario pasar lista farase cando o alumnado xa estea nos seus postos de exame.
- Para minimizar o tempo de estancia no pavillón, **os exames deberían estar nas mesas** antes do acceso do estudantado. O profesorado utilizará **luvas**, que están á súa disposición na mesa do pavillón.
- Unha vez rematado o exame o estudantado **deixará o exame na mesa** e sairá de forma ordeada mantendo a distancia de seguridade.
- Antes e despois do exame **non se formarán grupos de estudantado** fóra do pavillón.

2. PROTOCOLO DE ACCESO AO PAVILLÓN

O estudantado accederá ao pavillón mantendo unha distancia interpersoal mínima de dous metros e respectando o chamamento realizado polo profesorado. Formaranse dúas filas na pista de atletismo separadas por apelido (A-K, L-M):





Para que as filas sexan o máis longas posíbel, a entrada realizarase pola derradeira porta do pavillón. As outras están pechadas con vallas, coas portas abertas para facilitar a ventilación:



No pavillón hai suficientes postos para o estudantado, e se superan as distancias de seguridade establecidas pola normativa COVID da Universidade de Vigo.



Hai dispensadores de papel e aplicadores de substancia virucida por toda a instalación:

